

Regulamento de Réxime Interno do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías

(Aprobado por Xunta de Goberno do 24-01-2006)

Preliminar

Art. 1. O Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (en adiante Instituto o IGFAE) é un instituto mixto creado, de conformidade co artigo 59.4 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), mediante un convenio firmado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela. O IGFAE foi creado por Decreto 206/1999, do 2 de xullo (DOG nº 135, de 15 de xullo de 1999).

Art. 2. O Instituto rexerese por

- a) A Lei Orgánica de Universidades e as súas disposicións regulamentarias.
- b) A Lei de Fomento de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
- c) Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e os seus decretos e normas de desenvolvemento.
- d) O Convenio de Creación do Instituto.
- e) O presente Regulamento de Réxime Interno.

Art. 3. Os obxectivos do Instituto están recollidos no seu convenio de creación e son:

- a) Promover, impulsar e desenvolver a investigación científica e técnica no campo da Física de Altas Enerxías en Galicia.
- b) Colaborar co Plan Nacional de Investigación Científica e Técnica e con cantos instrumentos cree o goberno español ou as comunidades autónomas dedicados ao fomento da Física de Altas Enerxías.
- c) Realizar actividades docentes de posgrao, terceiro ciclo ou formación continua.
- d) Fomentar, no ámbito da Comunidade Autónoma Galega, a actividade industrial en tecnoloxías relacionadas coa Física de Altas Enerxías, así como promover as relacións industriais co CERN.
- e) Promover, impulsar e desenvolver a realización de seminarios, conferencias, escolas e congresos.
- f) Difundir a información considerada de interese no campo da Física de Altas Enerxías.

Organización

Art. 4. O Instituto estruturarase en dúas seccións:

- a) Sección de Física Experimental
- b) Sección de Física Teórica

Art. 5. Os órganos de goberno do Instituto son:

- a) Xunta de Goberno
- b) Consello Científico
- c) Director do Instituto
- d) Secretario

Art. 6. A Xunta de Goberno

1. A Xunta de Goberno é o órgano que ten a representación e a dirección do Instituto.
2. A Xunta de Goberno estará composta por:
 - a) O reitor da Universidade ou vicerreitor en quen delegue, que a presidirá e a convocará.

- b) Tres representantes nomeados pola Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
 - c) Dous representantes nomeados pola USC.
3. O director e o secretario do Instituto asistirán as reunións da Xunta de Goberno con voz pero sen voto. O secretario do Instituto actuará como secretario da Xunta de Goberno.

Art. 7. Son funcións da Xunta de Goberno as establecidas no convenio de creación do Instituto.

Art. 8. O Consello Científico

1. O Consello Científico estará formado por:
- a) O director do Instituto, que o presidirá e o convocara.
 - b) 6 vocais doutores, elixidos, entre o persoal científico dos grupos de investigación de cada unha das seccións do Instituto, polo persoal doutor de cada sección, cunha representación de tres vocais en cada caso.
 - c) O secretario do Instituto asistirá as reunións do Consello Científico con voz pero sen voto e actuará como secretario.

Art. 9. O Consello Científico reunirase en sesión ordinaria cando o convoque o director ou a solicitude dun terzo dos seus membros. O Consello Científico reunirase como mínimo dúas veces ao ano en período lectivo.

Art. 10. Deberán realizarse eleccións para cubrir vacantes de vocais do Consello Científico a medida que estas se produzan.

Art. 11. Son funcións do Consello Científico:

- a) Programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do Instituto e velar pola súa realización.
- b) Aprobar o ingreso de novos membros de persoal científico do Instituto e o seu cesamento.
- c) Informar as propostas de programación, presupostos e memoria económica e de actividades do Instituto.
- d) Informar os contratos do Instituto.
- e) Aqueloutras que dispoña a Xunta de Goberno.

Art. 12. O director do Instituto

- 1. A Dirección do IGFAE deberá recaer nun profesor numerario da USC con dedicación a tempo completo.
- 2. O director do Instituto será proposto pola Xunta de Goberno e nomeado polo reitor da USC.
- 3. O mandato do director poderá ser de catro anos renovables unha soa vez. En caso de ausencia ou enfermidade será substituído polo membro do Consello Científico máis antigo na USC.
- 4. O director poderá ser destituído polo reitor se así o decide a Xunta de Goberno.

Art. 13. Corresponde ao director:

- a) Convocar e presidir as reunións do Consello Científico e representalo perante o Consello de Goberno.
- b) Representar ao Instituto no ámbito da súa competencia.
- c) Elaborar as propostas de programación e presupostos do Instituto e, unha vez aprobados, executalos.
- d) Redactar a memoria de actividades e a memoria económica.
- e) Dirixir e coordinar as actividades do Instituto.
- f) Autorizar os gastos dentro do presuposto anual.

- g) Exercer a dirección do persoal do Instituto de acordo coas directrices da Xunta de Goberno.
- h) Velar pola mellora dos métodos de traballo e pola introdución dos adiantos innovadores, así como pola conservación e o mantemento das instalacións e os equipos do Instituto.
- i) Asistir ás reunións da Xunta de Goberno, con voz pero sen voto.
- j) Propoñer a Xunta de Goberno o nomeamento de secretario.
- k) Realizar todas as funcións que lle sexan encomendadas ou delegadas pola Xunta de Goberno.

Art. 14. O secretario será nomeado pola Xunta de Goberno, a proposta do director, entre os membros doutores do Instituto pertencentes ao Persoal Docente da USC.

Art. 15. Son funcións do secretario:

- a) Redactar as actas das sesións da Xunta de Goberno e do Consello Científico.
- b) Custodiar os arquivos e a documentación do Instituto.
- c) Expedir as certificacións no ámbito da súa competencia.
- d) Auxiliar ao director nas súas funcións.
- e) Asistir ás reunións da Xunta de Goberno, con voz pero sen voto.

Persoal

Art. 16. O persoal do Instituto poderá estar integrado por:

- a) Persoal docente e científico das administracións que constitúen o IGFAE, a proposta delas e tralo acordo da Xunta de Goberno.
- b) Persoal técnico das administracións que constitúen o IGFAE, a proposta delas e tralo acordo da Xunta de Goberno.
- c) Persoal doutras universidades ou institucións en calidade de investigadores colaboradores ou persoal honorario.
- d) Bolseiros de programas de Formación de Persoal Investigador ou equivalentes adscritos a proxectos dentro do Instituto.
- e) Outros profesionais contratados como investigadores por medio dos plans de investigación de acordo coa normativa vixente.
- f) Outros profesionais contratados como técnicos, ou persoal de administración, por medio dos plans de investigación de acordo coa normativa vixente.
- g) Persoal de administración, técnico e de mantemento contratado polo Instituto dentro dos límites que aprobe a Xunta de Goberno e permita a normativa vixente.
- h) Poderán pertencer tamén ao persoal científico do instituto, en calidade de Investigadores colaboradores, persoas alleas á comunidade universitaria que, sen vinculación contractual, colaboren asiduamente nalgún proxecto ou programa do Instituto.

Art. 17. O profesorado universitario integrado no Instituto manterá as súas obrigas docentes na Universidade. A súa dedicación ao Instituto afectará tan só á súa xornada investigadora, sen prexuízo da posibilidade de dispensar no Instituto a docencia á que fai referencia o artigo 3.

Art. 18. Os profesores e investigadores da USC que soliciten o ingreso no Instituto, mediante escrito dirixido ao director do Instituto, deberán contar coa autorización do seu departamento para desenvolver no Instituto a totalidade ou parte da súa xornada investigadora.

Art. 19. A condición de persoal científico do Instituto, que é o contemplado nos apartados a, c, mailo e do artigo 16, pérdese por renuncia, que se deberá facer chegar por escrito ao director e que este comunicará ao Consello Científico e á Xunta de Goberno. Tamén se

perde esta condición por consecuencia de acordo razoado adoptado polos membros do Consello Científico e ratificado pola Xunta de Goberno.

Réxime económico

Art. 20. O Instituto terá o seu propio presuposto de ingresos e gastos que será informado anualmente polo Consello Científico, e aprobado pola Xunta de Goberno.

Art. 21. O patrimonio do Instituto quedará reflectido no inventario correspondente, que revisará e aprobará anualmente a Xunta de Goberno.

Art. 22. Para a consecución dos seus obxectivos, o IGFAE disporá dos seguintes recursos:

- a) As achegas das entidades que o constitúen reflectidas nos seus respectivos presupostos.
- b) As achegas obrigadas en virtude de convenios e contratos de investigación.
- c) As cantidades que puideran corresponder segundo a lexislación vixente ou dentro dos acordos previos cos responsables da realización de proxectos e de adquisición de infraestrutura de investigación.
- d) Os beneficios que lle puideran corresponder segundo o estipulado no punto anterior pola realización de actividades investigadoras, actividades docentes, actividades de asesoramento e servizos, patentes, ou pola venda de publicacións e produtos desenvolto polo Instituto.
- e) As subvencións, así como doazóns e legados lucrativos outorgados por entidades públicas ou privadas e persoas físicas.
- f) Calquera outro que lle poda corresponder.

Art. 23. O control de carácter económico-financeiro do Instituto realizarase de acordo co previsto na normativa vixente

Art. 24. O Instituto, e o seu persoal científico a través del, poderán contratar con entidades públicas e privadas e con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico, técnico, de servizos, ou de asesoramento, así como o desenvolvemento de cursos de posgrao e de formación continua. Os bens inventariables que adquira ou reciba por doazón ou legado o Instituto, ou os seus investigadores, para o cumprimento deses contratos, serán propiedade da USC e estarán adscritos totalmente ao cumprimento dos fins do Instituto.

Art. 25. O reitor, no nome do Instituto, poderá subscribir convenios con entidades públicas ou privadas, tanto españolas como estranxeiras.

Réxime académico

Art. 26. O Instituto poderá organizar, con cargo ao seu presuposto, calquera actividade científica ou docente no ámbito da Física de Altas Enerxías, sempre de acordo cos seus fins, recollidos no artigo 3 do presente Regulamento.

Art. 27. O Instituto poderá outorgar diplomas acreditativos dos estudos realizados no mesmo marco da normativa interna da USC.

Disposicións adicionais

Primeira. O Instituto poderá ter locais e asignación específica nos presupostos da Universidade e poderáselle asignar persoal de administración e servizos.

Disposicións transitorias

Primeira. Mentres o IGFAE non dispoña de locais propios, terá a súa sede no Departamento de Física de Partículas.

Disposicións finais

Primeira. A Xunta de Goberno do Instituto interpretará este Regulamento e ditará normas aclaratorias.

Segunda. O presente Regulamento poderá ser modificado pola Xunta de Goberno do Instituto.